



**RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
POLA QUE SE APROBAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE PERSOAS
ADMITIDAS, EN LISTA DE AGARDA E EXCLUÍDAS, NOS CURSOS DE
LINGUA GALEGA PREPARATORIOS DAS PROBAS PARA OBTEN OS
CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA CELGA 1, CELGA 2, CELGA 3 E
CELGA 4.**

No Diario Oficial de Galicia do 6 de febreiro de 2018 publícase a Resolución do 25 de xaneiro de 2018, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncian, con carácter voluntario e gratuíto, cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4.

No apartado sexto da antedita Resolución indícase que o secretario xeral de Política Lingüística ditará unha resolución definitiva que incluírá a listaxe das persoas admitidas e excluídas, xunto coa causa da súa exclusión, e unha listaxe coas persoas en agarda, de ser o caso, para cada curso e localidade. Esta resolución definitiva publicarase na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: www.lingua.gal

Transcorrido o prazo sinalado para posibles alegacións contra a resolución provisional,

RESOLVO:

Aprobar as listaxes definitivas de admitidos/as, as listaxes de excluídos/as coa súa causa e as listaxes de agarda.

Ordenar a súa publicación na web www.lingua.gal

Contra esta resolución definitiva pola que se asignan as prazas, as persoas interesadas poderán interpoñer, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da publicación, un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

O secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez